



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN

PCO.001.2024.00061

RESOLUCIÓN POLA QUE SE ADXUDICA O CONTRATO DOS SERVIZOS DE DIFUSIÓN DE ACTIVIDADES E INVESTIMENTOS DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA NOS SEUS DIFERENTES ÁMBITOS COMPETENCIAIS NO CONXUNTO DOS CONCELLOS DA PROVINCIA E, ESPECIALMENTE, NOS DA ÁREA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA EN RADIO GALICIA - SER SANTIAGO (SOCIEDADE ESPAÑOLA DE RADIODIFUSIÓN, S.L.) ANOS 2024 E 2025. CÓDIGO: PCO.001.2024.00061

Don **VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO**, Presidente da Deputación Provincial da Coruña:

Mediante Resolución da Presidencia número 22.705 de data 30 de maio de 2024, modificada pola Resolución da Presidencia número 29003 de data 10 de xullo de 2024 aprobáronse os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas para a contratación dos SERVIZOS DE DIFUSIÓN DE ACTIVIDADES E INVESTIMENTOS DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA NOS SEUS DIFERENTES ÁMBITOS COMPETENCIAIS NO CONXUNTO DOS CONCELLOS DA PROVINCIA E, ESPECIALMENTE, NOS DA ÁREA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA EN RADIO GALICIA - SER SANTIAGO (SOCIEDADE ESPAÑOLA DE RADIODIFUSIÓN, S.L.) ANOS 2024 E 2025. CÓDIGO: PCO.001.2024.00061, cun orzamento total anual de 27.940,11 euros, Imposto do Valor Engadido en diante IVE engadido, e dispúxose que o referido contrato se adxudicase mediante procedemento negociado sen publicidade, por apreciar que concorren as circunstancias previstas no artigo 168.a) 2º da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, en diante LCSP.

O 26 de xullo de 2024 remitiuse a carta de invitación á empresa SOCIEDAD ESPAÑOLA DE RADIODIFUSIÓN S.L.U. que, dentro do prazo outorgado para a presentación de proposicións, presentou a documentación establecida nos pregos e ofertou un prezo total de 55.880,22 euros Imposto sobre o Valor Engadido, en diante IVE engadido.

Con data 2 de setembro de 2024 remitiuse á empresa SOCIEDAD ESPAÑOLA DE RADIODIFUSIÓN S.L.U. a invitación para mellorar a oferta, de conformidade co establecido no artigo 170.2 da LCSP e na cláusula 13.3 do prego de cláusulas administrativas particulares.

A mellora ofertada pola empresa consiste no incremento na duración de cada un dos programas en 30 segundos, pasando de 8 minutos a 8 minutos e trinta segundos.



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN

PCO.001.2024.00061

A Unidade Xestora informou ao respecto que:

"{...} A proposta inicial consistía na emisión de 40 espazos radiofónicos de 8 minutos de duración (20 no ano 2024 e 20 no 2025), cun custo total de 55.880,22 € (IVE incluído).

A mellora ofertada pola empresa consiste no incremento na duración de cada un dos programas en 30", pasando de 8' a 8,30'.

Considérase correcta e suficiente a oferta mellorada para proceder á adxudicación do contrato polo procedemento establecido no expediente."

Consta no expediente a documentación establecida no prego de cláusulas administrativas particulares e a empresa acreditou estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e autoriza a descontar a garantía definitiva por importe de 2.309,10 euros (5% do prezo, excluído o IVE) da factura pola que se lle aboe o prezo do contrato, polo que non é preciso efectuar o requirimento previsto no artigo 150.2 da LCSP.

Polo exposto, vista a oferta formulada pola empresa e considerando que inclúe todas as prestacións que forman parte do obxecto do contrato e que se axusta ao presuposto de licitación autorizado,

RESOLVO:

1º) Adxudicar mediante procedemento negociado sen publicidade, por apreciar que concorren as circunstancias previstas no artigo 168.a) 2º LCSP, o contrato de realización dos SERVIZOS DE DIFUSIÓN DE ACTIVIDADES E INVESTIMENTOS DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA NOS SEUS DIFERENTES ÁMBITOS COMPETENCIAIS NO CONXUNTO DOS CONCELLOS DA PROVINCIA E, ESPECIALMENTE, NOS DA ÁREA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA EN RADIO GALICIA - SER SANTIAGO (SOCIEDADE ESPAÑOLA DE RADIODIFUSIÓN, S.L.) ANOS 2024 E 2025. CÓDIGO: PCO.001.2024.00061 a Sociedad Española de Radiodifusión SLU con NIF/CIF B28016970 e domicilio en Madrid, rúa Gran Vía, número 32, código postal 28013, nas seguintes condicións:

1.1. Información do contrato:

Tipo de contrato: Servizos.

Procedemento: Negociado sen publicidade (artigo 168.a) 2º LCSP).

1.2. Prezo:



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN

PCO.001.2024.00061

ANUALIDADE	NÚMERO DE MICROESPAZOS	PREZO UNITARIO SEN IVE €	PREZO TOTAL SEN IVE €
2024	20	1.154,55	23.091,00 €
2025	20	1.154,55	23.091,00 €
		IVE	9.698,22 €
		TOTAL	55.880,22 €

* Oferta final mellorada pola empresa que consiste no incremento na duración de cada un dos programas en 30 segundos, pasando de 8 minutos a 8 minutos e trinta segundos.

1.3. Prazo de execución: Desde a data de formalización do contrato en documento administrativo ata o 30 de novembro de 2025, con arranxo ao calendario orientativo establecido no prego de prescricións técnicas.

1.4. Financiamento: O contrato poderá abonarse con cargo á partida 0012/92002/22602, cos seguintes documentos contables e números de operación:

Anualidade	Documento contable	Número Operación	Importe €
2024	A	220240040057	27.940,11
2025	AP	220249000527	27.940,11

2º) Requirir o adxudicatario para que concorra a formalizar o contrato o día que para o efecto se lle sinale, dirixíndose previamente á Tesourería Provincial para realizar o pago das taxas por formalización de contratos administrativos, advertíndolle de que si non cumpriše os requisitos para a celebración do contrato no prazo establecido, seguiranse os trámites e efectos previstos no artigo 153.4 da LCSP.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá optar por interpoñer, con carácter potestativo, recurso de reposición ante o Presidente da Excelentísima Deputación Provincial da Coruña, dentro do prazo dun mes contado desde o día seguinte o da notificación do presente acordo. No seu caso, poderá interpoñer directamente recurso contencioso administrativo ante o xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña, dentro do prazo de dous meses, contados desde o día seguinte o da notificación da presente resolución. Non obstante, se o considerase conveniente, pode exercitar calquera outro recurso que estime pertinente.